

MEMORIA XUSTIFICATIVA DA TRAMITACIÓN DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE LA ADMINISTRACIÓN GENERAL DE LA COMUNIDAD AUTÓNOMA DE GALICIA, A TRAVÉS DE LA CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE Y ORDENACIÓN DEL TERRITORIO, Y ENCE ENERGÍA Y CELULOSA S.A.

1. Antecedentes.

En data 28 de xuño de 2016, a Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio e a entidade ENCE ENERGÍA Y CELULOSA S.A. (ENCE, no sucesivo) subscribiron Pacto Ambiental ao abeiro do artigo 25 da Lei 1/1995, de 2 de xaneiro, de protección ambiental da Comunidade Autónoma de Galicia e do Decreto 295/2000, do 21 de decembro, que o desenvolve.

A cláusula segunda, apartado 6, do devandito pacto ambiental incluía o compromiso das asinantes de negociar e formaliza un Convenio de Colaboración en relación coa participación de ENCE na ampliación e modernización da EDAR de residuos urbanos de Praceres; a colaboración na construción ou rehabilitación dun edificio para dotar de sede a un novo centro de investigación enfocado á dinamización do emprego especializado e a implementación dun programa marco para a especial aplicación na contorna da política de responsabilidade social corporativa de ENCE.

Tales liñas de colaboración e os compromisos asociados ás mesmas a cargo de ENCE aparecen detallados no anexo VI do citado pacto ambiental, que remite a súa concreción e plasmación vinculante a un futuro convenio de colaboración, sendo as achegas da citada entidade:

- Ate 15.000.000 € como participación no financiamento da ampliación e modernización da EDAR de residuos urbanos de Praceres.



-Até 5.000.000 € destinados á construción ou rehabilitación da sede dun centro de investigación.

-Até 3.000.000 € anuais, durante todo o tempo que a instalación industrial de titularidade de ENCE situada na marisma de Lourizán continúe operativa, destinados á implementación dun “programa marco” para a especial plasmación na contorna de Lourizán da política de responsabilidade social corporativa de ENCE, a través de concesión de axudas, bolsas, contratos e outros métodos de financiamento necesarios para a realización de proxectos, estudos, investigacións e outros traballos da mesma índole.

-1.000.000 € destinados á construción dun novo campo de fútbol na contorna de Lourizán.

2. Obxecto do convenio e necesidades a satisfacer.

Tendo en conta os antecedentes referenciados, o convenio proposto ten por obxecto desenvolver e detallar con carácter vinculante os compromisos asumidos por ENCE a través do antedito pacto ambiental e desenvolver o modo e termos nos que os mesmos serán cumpridos.

Ao respecto, ambas conveniantes declaran que a execución das actuacións mencionadas revisten un especial interese público pola súa contribución ao ben común da cidadanía galega e pontevedresa, incardinándose no concepto da responsabilidade social corporativa de ENCE que xa motivara a subscripción do previo pacto ambiental.



3. Oportunidade.

Segundo sinala o convenio proposto, as Administracións públicas están facultadas para celebrar convenios de colaboración con persoas xurídicas suxeitas ao dereito privado, como resulta do disposto polo artigo 4.1 d) do Real Decreto- Legislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público, que menciona devanditos negocios xurídicos a efectos de excluílos do seu ámbito de aplicación, *“sempre que –como é o caso- o seu obxecto non estea comprendido no dos contratos regulados nesta Lei ou en normas administrativas especiais”*. Esta figura áchase, ademais recoñecida polo Acordo do Consello da Xunta de 27 de marzo de 1991, sobre convenios de cooperación con outros entes públicos e de colaboración con particulares (publicado mediante Resolución, de 8 de abril de 1991, da Consellería de Economía e Facenda, en DOG núm. 82, de 30 de abril de 1991).

A evidente contribución que as intervencións previstas no convenio a cargo da entidade privada teñen para a mellora do saneamento e da calidade dos vertidos á Ría de Pontevedra asociados á EDAR de Praceres e o fomento da investigación (a través da dotación dunha sede para un novo centro e da axuda a proxectos de investigación dentro do “programa marco”) e a actividade deportiva motivan, en termos de interese público, a oportunidade da subscripción do convenio proposto.

O secretario Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental

Justo de Benito Basanta

